

**TAREFAS do día 7 de maio ao día 13 de maio**

*Ola a todos/as*

*Envíovos as tarefas desta semana e parte da que vén. A partir do día 14 , data na que se farán públicas as normas de avaliación da 3ª avaliación, poreime en contacto convosco de xeito individualizado pois as tarefas van ser diferentes dependendo de se tedes ou non partes que recuperar. Os/as que teñan que recuperar recibirán tarefas destinadas a este fin segundo sexa a súa situación ademais das dedicadas á 3ª avaliación.*

*Aqueles/as que non entregaron as tarefas da semana anterior poden entregarmas xunto con estas que envío agora.*

*Luns que vén non porei tarefas pola razón indicada anteriormente*

***Por favor, enviádeme só a páxina dos exercicios, non as dos textos.***

*Un saúdo para todos/as*

*Lémbrovos que o meu email é [luisa.dieguez@dacoruna.gal](mailto:luisa.dieguez@dacoruna.gal)*

## Texto nº 1

### O vello que quería ver o tren (RAFAEL DIESTE Dos arquivos do trasno)

de alá da montaña. Dunha desas aldeas de nome bravo e silvestre que repousan perdidas entre calados cumios. ¡Longa viaxe fixeran —no rexo carro de bois, que rinchaba, xemía e daba tombos polos agres camiños montesíos— para lle dar cumprimento ó antollo do vello!

Moito tempo tivera en segredo aquel desexo. Un día coa mimosa curtidade dun neno que pide unha lambetada posta, como nun altar, nos máis altos andeis do armario, o avó tatexou o seu capricho. El nunca vira o tren. El non quería morrer sen tren. A filla e o xenro riron boamente daquela tolería. O pobre vello, non tiña volta, estaba xa un pouquiño lelo. Pasaba a vía tan lonxe!

E ademais ¿que demos lle importaba ós seus anos ver o tren? En troques o neto púxose da parte do avó. E petou testudo cos zoquiños no chan. ¡Eu quero ver o tren! Catro reflexións ó vello e catro azoutas ó pícaro e todo quedou en nada pola primeira vez. Pero repetiuse a escena, soubo o cura do conto e, con aquela sorrinte calma do abade experimentado que comprende e transixe, volveu polo avó e o neto. ¡Que díaño! O vello estaba rufo, curado polo sol e o arume dos piñeiros, e non había de rendelo moito a viaxe.

Así foi que puxeron no carro un feixe de palla para asento do vello, e meteron nun tarabelo unha forte merenda. E moi de matinada puxéronse en camiño, ata chegaren ó ignorado e esquecido apeadeiro, onde agardan inquedados o milagre.

Como un estraño rebuldar de gatos —así lle pareceu ó neno— correu ó lonxe, por riba dun **piñeirai**, unha fumareda, e un primeiro **asubío** foise espetar no ceo. E outro, imperioso e longo, axiña denunciou, o tremer da terra, a veciñanza do Non Visto. ¡Alí viña xa o tren, unha riola de monstros ben mandados, co altivo capitán de ferro á fronte! ¡Medraba, medraba!

Salaíos de condenados, sichos brancos, topadas, trasacordos, e deseguida todo ficou en grande silencio diante dos ollos abraizados dun labrego vello e dun neno que aquel día estreara uns zoquiños novos. Foi só un pequeno intre de repouso. Non baixou ningún viaxeiro. Case ningún abicou. Subiron moi apresa nun coche de terceira dúas mulleres atrancadas de cestos, máis torpes canto máis espavorecidas polo apremo. O tren parecía sufrir a impertinencia das moitas cortesías cando se está apurado.

E fuxiu de novo, cheo de indiferencia como para non se lembrar máis do pobre apeadeiro podrecido. O neto fala moito. ¡Como corría o tren! ¡E non levaba cabalos! E había un neno coma el que abicara pola fiestriña. Un neno ben vestido, de cara fina, que tiña nos ollos esa expresión dos ricos nenos das cidades, que andan en tren e viven en casas moi altas. Aquel neno non se asombraba de ir en tren. ¡Que secreta finura había naquela indiferencia! E tamén ía unha señorita cunha teña liviá como as que fan as arañas, cubrindo a face... Unha teña morada.

O vello fala pouco. Vai satisfeito pero un tanto tristeiro. Naquel mundo que lostregara un intre diante del, abesullaba moitas cousas endexamais presentidas alá nas altas toxeias. Había máis mundos que o seu. Mundos embruxados, ledos e tentadores. Mais el, xa, malpocado...

De súpeto o rapaciño dixo:

—Eu, cando medre, tamén hei de andar en tren.

As **engurras** do vello teceron unha sombría tristura. O rexo carro de bois volvía rinchando, xemendo e dando tombos para a aldea de nome bravo e silvestre perdida entre calados cumios.

## Texto nº 2

### Sobre a morte de Bieito (RAFAEL DIESTE Dos arquivos do trasno)



Eran

velo



Foi preto do camposanto cando eu sentín bolígar dentro da caixa ó pobre Bieito. (Dos catro levadores do cadaleito eu era un).  
¿Sentino ou foi aprensión miña? Entón no podería aseguralo. ¡Foi un rebulir tan maiño...! Como a teimos a puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoadado aquel maiño rebulir. Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto — comprendede, escoitade — polo tanto non podía, non debía dicir nada.

Imaxinade nun intre que eu dixese:

– O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera virían en remuíño arredor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un murmurar sobrecolleito, insólito:

– O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo...!

Calaría o lamento da nai e das irmáns, e axiña tamén, descompasandosea gravadosa marcha que planxía nos bronces da charanga. E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

¡Ah ! ¿E se entón, ó ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultara falsa? Todo aquel magno asombro viríase inconmensurable e macabro ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmán, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa un son sinistro e único na tarde estantía. ¿Comprendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre no que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación leviá dun sobresalto, coma se el estivese a sentir tamén o velaiño bolígar. Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereo. Eu non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixínme ó da miña banda e, acobexando a pregunta nun sorriso de retroso, deslicei:

– ¿E se o Bieito fose vivo?

O outro riu picaramente coma quen di: “Que ocorrencias temos”, e eu amplifiquéi o meu falso sorriso de retroso.

Tamén me vin a rentes de decilo no camposanto cando xa pousarámo-la caixa e o crego requeneaba.

– “Cando o crego remate” pensei. Mais o crego acabou e a caixa deceu á cova se que eu puidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme ata a gorxa as verbas salvadoras.... Estiveron a punto de xurdiren. Mais entón acudiu novamente o meu maxín e case seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada, se o Bieito se topaba morto e ben morto. Ademais o dicilo tan tarde acrecía o absurdo desorbitante. ¿Cómo xustificar non o ter dito ante? ¡Xa sei, xa sei, sempre se pode un explicar!; Sí, si, si todo o que queirades! Pois ben ..... ¿e se tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais puidese adiviñase por algún sinal? ¡Un crime, si, un crime o me ter calado. Oíde xa o rebumbio da xente....

– ¡Pediú auxilio e non llo deron, malpocado....!

– El sentía chorar, quíxose erguer e non puido....

– Morreu de espanto, saltoulle o corazón o se sentir decer na cova...

– ¡Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!

– ¡E ese que o sabía, tan campante, aí a sorrir coma un pallaso!

– ¿E parvo ou qué?

Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos. Vía ó probe Bieito grafiñando nas táboas nese espanto absoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidades, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adormiñados e longanos a obsesión do delito.

E alá pola noite - non o poíde evitar - funme camiño do camposanto, coa solapa erguida, ó arrimo dos muros.

Cheguei. O cerco por unha banda era baixiño: unha pedras mal postas, apreixadas por hedras e silveiras. Paseino e fun dereito ó sitio.... Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que oín xeoume o sangue. No seo da terra unha unllas desesperadas rabuñaban nas táboas.

¿Rabuñaban? Non o sei, non o sei. Alí preto había un sacho... Ía xa cara a el cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entón si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

¿Ía a dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa erguida, pegándome ós muros. A lúa era chea e os cans latricaban lonxe.

### Texto nº 3

#### O retrato CASTELAO Retrincos

Por amainala conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gabeta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; mais unha noite foron requiridos os meus servicios.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ó pé da porta. Deume as "boas noites" e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíanlle as verbas tan estruchadas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O pobre pai turraba por min, e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. ¡Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha grande ciencia...

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeseille que sabía pouco da carreira...

-Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

-O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; ¡váiseme e non teño ningún retrato seu!

Ai, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor ca un deseño, asegúreille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razonamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo.

A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

-¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxome tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais fitei a un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que me rachaban as entrañas:

-Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor!

¡Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lapis, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir nada senteime a debuxalo que ollaban os meus ollos de terra, e soamente ó cabo dalgún tempo conseguín afacerme ó drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervoadado, coma un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríume con estas verbas:

-Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ó volver á realidade non souben que facer, e púxenme a repasalas liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

-Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retábulo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñe-lo pé na rúa sentin que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre dí coa mellor fe do mundo:

-Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato que non mente.

Pontevedra, 1922

## TAREFAS do día 7 de maio ao **día 13 de maio**

### TEXTO 1.

1. Fai un resumo do texto (10 liñas aproximadamente).
2. Explica a razón pola que o avó se puxo triste cando o neno dí que de maior quere ver o tren. Explica esas últimas 3 liñas.
3. Di o significado das palabras subliñadas e fai unha oración con cada unha delas.
4. Conta en 6 liñas aproximadamente como lembras a túa primeira viaxe en tren. Se non a lembras, invéntaa.

### TEXTO 2

1. Fai un resumo do texto (10 liñas aproximadamente).
2. Busca no dicionario as palabras subliñadas e fai unha oración con cada unha delas.
3. Se te dá conta o relato ten un final aberto, o autor non dí como remata. Escribe en 10 liñas aproximadamente un final no que ti imaxines como acaba o relato.

### TEXTO 3

1. Fai un resumo do texto (10 liñas aproximadamente).
2. Explica a razón pola que Melchor vai desesperado á casa do narrador (Castelao)
3. Explica a razón pola que Castelao non quere ir á casa de Melchor.
4. Explica por que a Melchor non lle gusta ningún dos debuxos que fai Castelao.
5. Nas semanas anteriores informácheste sobre a vida de Castelao. Saberías dicir que dedicacións tivo? Se non o lembras busca información. Algunha desas dedicacións aparece reflectida neste texto?
6. Saberías explicar a última liña do relato. Por que cres que Melchor di iso, por que en realidade era moi guapo ou porque o lembra con moito cariño?

## ORTOGRAFÍA

### Repaso da ortografía das avaliacións anteriores:

1. Completa con B/V o cadro da seguinte páxina.
2. Logo constrúe dez oracións onde intruduzas dúas palabras do cadro en cada unha.

1. [a..ogado](#)
2. [..oda](#)
3. [..aleirar](#)
4. [..arallar](#)
5. [..ol..oreta](#)
6. [..asoira](#)
7. [de..er](#)
8. [dú..ida](#)
9. [cra..ar](#)
10. [..eixar](#)
11. [or..allo](#)
12. [..ater](#)
13. [..exiga](#)
14. [..asco](#)
15. [..alea](#)
16. [escara..ellar](#)
17. [de..ullar](#)

1. [..acaloura](#)
2. [ou..ear](#)
3. [..iscoito](#)
4. [..eira](#)
5. [..aixar](#)
6. [car..allo](#)
7. [sara..ia](#)
8. [..isa..oa](#)
9. [..uraco](#)
10. [..ufar](#)
11. [po..o](#)
12. [có..ado](#)
13. [..ermello](#)
14. [..arrer](#)
15. [re..ento](#)
16. [..erza](#)
17. [pol..o](#)
18. [es..arar](#)
- 19.

1. [..iruxe](#)
2. [..erniz](#)
3. [..ulto](#)
4. [gra..ata](#)
5. [..im..io](#)
6. [ri..eira](#)
7. [mo..ilidade](#)
8. [mara..illa](#)
9. [sor..er](#)
10. [disol..er](#)
11. [o...io](#)
12. [gra..adora](#)
13. [..oitre](#)
14. [pa..illón](#)
15. [..acina](#)
16. [ga..ián](#)
17. [..ra..o](#)
18. [aci..ro](#)
19. [no..elo](#)
20. [..alde](#)

